

PROCESO ADMISIÓN CURSO 2024_2025

CALENDARIO:

Procedemento	Data	Lugar
Prazo solicitude de reserva de praza	Do 15 de xaneiro ao 5 de febreiro	Centro de orixe/ sede electrónica
Listaxe definitiva de alumnado con posto reservado	22 de febreiro	Centro adscrito e centro de adscrición
Renuncia á reserva de praza	Antes do 28 de febreiro	Centro de orixe
Publicación de postos escolares vacantes	Antes do 1 de marzo	Na páxina web do centro/ taboleiro
Solicitude de admisión(prazo ordinario)	Do 1 ao 20 de marzo	Na sede electrónica , na aplicación informática <i>admisionalumnado</i> ou na secretaría do centro que solicita en primeiro lugar.
Presentación de documentación acreditativa do baremo no caso de haber máis solicitudes que vacantes	10 días hábiles contados a partir do seguinte ao remate do prazo para presentar as solicitudes de admisión	Na secretaría do centro solicitado en primeiro lugar ou na sede electrónica
Publicación de listaxes provisionais de persoas admitidas e non admitidas	Antes do 25 de abril	No taboleiro de anuncios do centro ou en admisiónalumnado (con chave 365 ou certificado dixital).
Adxudicación fóra de prazo	Entre o 21/03 e o 25/04. Despois do 25/04 ata o 31/08	Centro escollido
Reclamacións ante o Consello Escolar	5 días hábiles contados a partir do seguinte á data de publicación de listaxes	Na secretaría do centro
Publicación das listaxes definitivas de persoas admitidas e non admitidas.	Antes do 15 de maio	No taboleiro de anuncios do centro ou en <i>admisionalumnado</i> (con chave 365 ou certificado dixital)
Impugnación das listas definitivas mediante recurso de alzada ante a persoa titular da Xefatura Territorial	No prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación	Xefatura territorial de Pontevedra

Formalización da matrícula	Do 23 de xuño ao 7 de xullo (concretarase a organización en xuño).	Na secretaría do centro
Escolarización extraordinaria	Despois do 31/08	Na secretaría do centro

COMO FACER A SOLICITUDE

• PRESENCIALMENTE:

Cubriendo o seguinte formulario e entregándoo na secretaría do centro (ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común):

<https://www.edu.xunta.gal/axudaplicacion/files/admisionalumnado/ED550B-G.pdf>

(tamén o pode atopar impreso no centro)

• ACCESO Á APLICACIÓN CON CHAVE 365 OU CERTIFICADO DIXITAL:

<https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado/>

Axuda: [Manual](#)

DOCUMENTACIÓN A APORTAR PARA A SOLICITUDE DE ADMISIÓN

- Impreso de **solicitud**.
- Anexo I-bis
- **Copias DNI** da persoa solicitante e dos membros computables da unidade familiar (se se **opón á consulta dos datos ás administracións** públicas)
- **Documento** acreditativo do **requisito de idade do/a alumno/a** (DNI, Libro familia ou partida nacemento).
- **Documento acreditativo** de estar en disposición de reunir os **requisitos académicos** esixidos en cada nivel educativo ou etapa (Certificación de matrícula do último curso que estivo escolarizado).
- En caso de **separación xudicial ou divorcio**, sentenza xudicial e/ou convenio regulador.
- En caso de acollemento, resolución administrativa ou xudicial.



IMPORTANTE

1. Cada alumno ou alumna poderá presentar solicitude de admisión, **pedindo ata seis (6) centros por orde de preferencia**, e alegar os criterios de admisión que pretenda que se lle valoren. Esta solicitude de admisión dirixirase **ao centro solicitado en primeiro lugar**. Despois de presentar unha solicitude de admisión, para renunciar a ela deberá facerse expresamente, indicándoo no recadro correspondente da nova solicitude que deberá presentarse.
2. O alumnado que teña prioridade para continuar estudos nun centro de adscrición pode exercer o seu dereito á reserva de praza presentando solicitude de reserva no centro adscrito, isto é, no que está matriculado nese momento, e identificará o centro de adscrición que solicita.
3. **A solicitude de reserva ou de admisión é única** para cada alumna/o.
A existencia dunha solicitude de admisión presentada en prazo sen renunciar expresamente á anterior e, así mesmo, a existencia dunha solicitude de admisión sen ter renunciado á praza reservada a 28 de febreiro (este incluído) poderán ser causa de perda do dereito a participar no procedemento nos termos previstos no artigo 8 da Orde do 21 de outubro de 2022 (de admisión).

• **Necesidade de baremar:**

Se o número de solicitudes supera o número de prazas ofertadas, abrirase un prazo para presentar no centro a documentación xustificativa dos criterios xerais de admisión alegados pola persoa solicitante. No caso de ser necesaria a achega desta documentación, o centro publicarao na páxina web.

• **Sinatura de proxenitores:**

No anexo II asinará unha das persoas proxenitoras, e no anexo II (bis) asinará a outra persoa proxenitora. No caso de non poder asinar a segunda persoa proxenitora, presentarse un documento que acredite a imposibilidade para facelo.

CENTROS ADSCRITOS E ADSCRICIÓN

O centro de primaria que está adscrito ao noso instituto é o CEIP Torre-Illa.

O centro ao que está adscrito para continuar cos estudos de bacharelato é o IES A Basella (Vilanova de Arousa).

ÁREA DE INFLUENCIA

O Concello de A Illa de Arousa (de 1º de ESO a 4º de ESO).

SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

Transporte escolar (3 rutas).

Normativa que o regula:

DECRETO 65/2014, do 28 de maio, polo que se modifica o Decreto 160/1988, do 9 de xuño, polo que se regula a prestación dos servizos de transporte escolar e de obreiros de competencia exclusiva da Xunta de Galicia.

Instrución 3/2018 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, do 30 de maio, sobre a xestión do servizo de transporte escolar no curso escolar 2018/19.

CRITERIOS PARA A BAREMACIÓN NO CASO DE MAIOR DEMANDA QUE OFERTA

<i>Irmá ou irmán matriculados no centro</i>	
por unha irmá ou un irmán matriculada/o no centro	8 puntos
polo segundo e seguintes irmáns matriculados no centro (máximo 14 puntos)	2 puntos cada un.

<i>Proximidade ao centro docente do domicilio familiar (domicilio e lugar de traballo non suman)</i>	
Se está na área de influencia do centro	8 puntos
Se está en áreas limítrofes á área de influencia do centro	4 puntos

<i>Proximidade ao centro docente do lugar de traballo (domicilio e lugar de traballo non suman)</i>	
Se está na área de influencia do centro	6 puntos
Se está en áreas limítrofes á área de influencia do centro	3 puntos

Renda per cápita da unidade familiar (terase en conta a renda do ano 2022)	
inferior a 0,5 veces o IPREM:	3 puntos
Igual ou superior a 0,5 e inferior a 0,75 veces o IPREM:	2 puntos.
Igual ou superior a 0,75 e inferior ao IPREM:	1 punto.
Igual ou superior ao IPREM:	0 puntos.

<i>Persoa proxenitora, titora ou acolladora traballadora do centro docente</i>	
Por nai, pai, titor ou titores legais que traballen no centro	3 puntos

Familia numerosa	
Por familia numerosa de categoría especial:	3 puntos
Por familia numerosa de categoría xeral:	2 puntos

Alumnado nado de parto múltiple (sempre que soliciten o mesmo centro)	
Se son dous:	8 puntos
Se son máis de dous:	10 puntos

Familia monoparental	
Ás familias que teñan a condición de monoparental:	2 puntos

Discapacidade de calquera membro computable da unidade familiar igual ou superior ao 33% (máximo 4 puntos) (terá a consideración de discapacidade equiparada ao 33 % a percepción de pensión da Seguridade Social por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez, e a percepción de pensión de clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade)	
Alumno/a:	4 puntos.
Calquera das persoas proxenitoras, titoras ou acolledoras, ou o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación de afectividade á persoa proxenitora:	3 puntos.
Calquera das irmás ou dos irmáns:	1 punto por cada un.

Condición de vítima de violencia de xénero	
Cando calquera dos membros computables da unidade familiar teña a condición de vítima de violencia de xénero	2 puntos

Condición de vítima de terrorismo	
Cando calquera dos membros computables da unidade familiar teña a condición de vítima de violencia de xénero	2 puntos

Criterio complementario	1 punto
--------------------------------	---------

Expediente académico para ensinanzas de bacharelato	
Nota media de sobresaliente:	2 puntos
Nota media de notable:	1 punto
Por nota media de ben:	0,50 puntos

CONSULTA INFORMACIÓN

Toda a información deste procedemento poderase consultar na aplicación

"admisionalumnado" (<https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado>)

- a) O cronograma coas datas dos trámites principais do procedemento de reserva, admisión ordinaria e matrícula.
- b) A previsión de postos escolares dispoñibles e as súas modificacións.
- c) A relación do alumnado de cada curso, co número da solicitude de admisión asignado pola aplicación *admisionalumnado* no momento da súa gravación.
- d) O estado de tramitación da súa solicitude utilizando o número de solicitude e o número de DNI da persoa solicitante.
- e) A listaxe do alumnado con posto reservado e a listaxe provisional e definitiva do alumnado admitido coa puntuación total e do alumnado non admitido, utilizando calquera dos mecanismos de identificación admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o certificado dixital e Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

LEXISLACIÓN APLICABLE

- DECRETO 13/2022, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- Orde do 21 de outubro de 2022 pola que se desenvolve o Decreto 13/2022, do 3 de febreiro, e se regula o procedemento de admisión do alumnado de alumnado nos centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación